



# FIAT LUX!

*"A terra era soidade e caos, e as tebras cubrían o abismo;  
e o espírito de Deus ondeaba sobre as augas. Deus dixo:  
"Haxa luz", e houbo luz.  
Viu Deus que a luz era boa, e separouna das tebras..."  
Xénese 1:2-5*


O primeiro gravado que se coñece coa técnica da maneira negra, mezzotinta, mediatinta ou gravado ao fume, xorde da man do soldado alemán Ludwing von Siegen en 1642, quen, coñecedor dos claroscuros que conseguía Rembrandt a base de entrecruzar liñas, idea unha forma de traballo sobre o metal cun graneado sistemático da plancha en 32 direccións distintas, mediante un aparello chamado "berceau" ("berce" en francés) ou "rocker" ("mecedora" en inglés), creando así unha trama de miles de pequenos puntos que van logo facilitar que a tinta enchoupe nas indentacións de xeito que, se a plancha fose ao tórculo, o que se obtería no papel sería unha estampa totalmente negra.

A maneira negra, ao contrario que no resto das técnicas de gravado que parten do branco, a imaxe xorde deste negro aveludado e profundo mediante o graneado e que, tras o bruído e rascado, percorre unha ampla gama de tons até conseguir o branco máis absoluto.

O negro evoca misterio, o indicíbel, é negación da luz... será a man creadora na procura dunha gama de tons a que permitirá chegar á blanchura absoluta, un ir da negación á afirmación da vida.

Esta é a linguaxe coa que me expreso e levo perfeccionando desde hai máis de trinta anos, a que singulariza o meu percorrido artístico que, coido, podería ser unha metáfora certa da miña vida nesa permanente procura da "luz" que é tamén beleza, xustiza, coñecemento...

*Yolanda Carbajales*



NA NOITE ESTRELECIDA, 2019-21 (Mezzotinta 40 X 50 cm)

FUNDACIÓN  
VENANCIO SALCINES 

Rúa Salvador de Madariaga, 50  
15176 Oleiros. A Coruña

FUNDACIÓN  
VENANCIO SALCINES 

**FIAT LUX!**  
**Yolanda Carbajales**

Do 27 de abril ao 23 de xuño - 2023  
Inauguración ás 20:00 h

MEMENTO... TEMPUS FUGIT, 2016 (Mezzotinta 28x20)



DIGITALIS CORDIS, 2015 (mezzotinta 33 x 28)



ENTROIDO, 2017 (mezzotinta 27.5 x 20.5)